

PREGUNTA 1. Desenvolva o tema: A traxedia grega (Esquilo, Sófocles, Eurípides). (3 puntos)

Débase explicar brevemente o nacemento da traxedia en Grecia, a súa función e algúns dos rasgos máis importantes do xénero según Aristóteles. Darase conta da relevancia do coro e dos elementos rituais máis significativos na representación, como as máscaras e o vestiario. Debe aludirse á estrutura da traxedia (*prólogo, párodos, episodios, estásimos, éxodo*) e aos conflitos máis relevantes que se abordan nela. Será obrigatorio mencionar as obras máis representativas dos tres autores sobre os que se pregunta e algún aspecto concreto dalgunha delas.

PREGUNTA 2. Escriba aproximadamente un folio sobre a obra de Shakespeare ou de Molière que leu: explique o seus temas máis importantes, personaxes, tempos, espazos e estilo. Anote exemplos concretos dos textos. (3 puntos)

Do título elixido explicarase a caracterización dos personaxes e a implicación dos mesmos nos diferentes conflitos teatrais, o tempo interno e externo e o seu significado, os espazos nos que se desenvolve a acción e os seus significados. No estilo debe salientarse a adscrición do texto a unha estética determinada e as características propias do autor con exemplos concretos do título elixido, así como a relevancia deste no seu contexto literario e na literatura universal. É necesaria unha mínima contextualización da obra, citar correctamente o título, o autor, o século no que foi escrita e o xénero ao que pertence. O resumo do argumento da obra en cuestión non é avaliable.

PREGUNTA 3. Redacte a súa opinión razoada sobre a importancia LITERARIA e transcendencia da obra que elixiu como lectura do século XX. (3 puntos)

A opinión persoal debe ser razoada e sustentarse en criterios ESTÉTICOS, non en impresións subxectivas ou valoracións extraliterarias. Non se trata de valorar se a obra elixida é boa ou mala ou se cumpre ou non as expectativas de quen a leu. Trátase de expresar, con **argumentos literarios**, a importancia desa obra no conxunto da literatura e na literatura da lingua á que pertence, así como de comentar en que medida beben dela outras obras doutros tempos, doutros países ou doutros xéneros. Lémbrese que, tal e como consta nos obxectivos da materia, “Tendo en conta que a literatura galega e a española e hispanoamericana son obxecto de estudo nas respectivas materias do bacharelato, exclúese aquí o seu estudo”.

Pregunta 4. Case correctamente estes datos e redacte dez textos breves con eles. [1 punto]

É necesario casar os datos das catro columnas para redactar os dez textos que se solicitan. Cada un deles computará 0,1 puntos se os **catro** datos que o compoñen son correctos.

EN TODAS AS PREGUNTAS É NECESARIO DEMOSTRAR CORRECCIÓN LINGÜÍSTICA E ORTOGRÁFICA. AS FALTAS DE ORTOGRAFÍA, DE ACENTUACIÓN, DE PUNTUACIÓN E DE EXPRESIÓN BAIXARÁN A NOTA FINAL DO EXAME.